



Exercicio-1 *O Gran Número*

- a) *Cantos ceros terá o número $N = 2^{60} \cdot 3^4 \cdot 5^{54}$?*
- b) *Cal será a primeira cifra distinta de cero?*
- c) *Razoa a túa resposta*

Exercicio-2 *A táboa*


Considérase a seguinte táboa numérica

1ª fila	2			
2ª fila	4	6		
3ª fila	8	10	12	
4ª fila	14	16	18	20
.....

- a) *Cal é o número máis grande situado na fila 50ª?*
- b) *Xustifícao.*

Exercicio-3 *A diana*

Anxo dispara ao branco. En cada disparo acertado pode obter 5, 8 ou 10 puntos. A súa puntuación total foi 99, e obtivo 8 tantas veces como 10.



Se no 25% dos seus tiros non acertou ao branco, cantos disparos fixo Anxo en total?

Exercicio- 4 *A pizzería*

Unha pizzería ofrece dúas pizzas redondas do mesmo grosor en diferentes tamaños. A pequena ten 30 cm de diámetro e custa 30 zeds. A grande ten 40 cm de diámetro e custa 40 zeds.

- 1) *Que pizza é a mellor opción en relación co seu custo?*
- 2) *Escribe o teu razoamento.*

Exercicio- 5 *Globo atado*

Un globo está suxeito ao chan cunha corda. Onte, que non había vento, o globo estaba a 50 m de altura. Hoxe fai vento e a vertical, desde a nova posición do globo ao chan, afastouse 30 m do punto de amarre.

A qué altura está hoxe o globo?